



Guía Docente				
Datos Identificativos				2023/24
Asignatura (*)	Contabilidade		Código	760G01026
Titulación				
Descriptores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Grao	1º cuatrimestre	Terceiro	Obrigatoria	6
Idioma	Castelán			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Empresa			
Coordinación	Anido Martinez, Cristina	Correo electrónico	cristina.anido@udc.es	
Profesorado	Anido Martinez, Cristina	Correo electrónico	cristina.anido@udc.es	
Web				
Descripción xeral	Introducir ao alumnado nos conceptos básicos relativos ao proceso de elaboración, comunicación e interpretación da información financeira.			

Competencias / Resultados do título	
Código	Competencias / Resultados do título

Resultados da aprendizaxe			
Resultados de aprendizaxe			Competencias / Resultados do título
Coñecemento do traballo por conta allea e autónomo			B2 B4 B8
Coñecer os distintos ámbitos da empresa e aplicar os coñecementos contables a devanditos ámbitos	A10		C3 C6
Utilizar a transmisión oral e escrita ao tratamento dos datos contables			C1
Interpretar e xestionar a información desde o punto de vista contable		B2 B4 B8	C3 C6
Interpretar indicadores para a valoración das magnitudes contables			B2 B4 B8
Coñecer as técnicas de auditoría	A6 A25		
Saber aplicar os coñecementos á práctica contable		B1 B2	
Saber interrelacionar as distintas disciplinas do campo laboral e o seu efecto sobre o sistema de información contable na empresa	A34		
Sentido crítico fronte ás decisións adoptadas na contorna das relacións laborais	A31	B2 B5	C7
Capacidade de análise e síntese			B2
Capacidade de organización e planificación			B3
Capacidade de xestión da información	A19 A31		
Comportarse con ética e responsabilidade social como cidadán e como profesional		B6	C4



Razoamento crítico	A31 A34 A35	B8	
Traballo en equipos		B9	
Motivación para a calidad		A13	B12
Adaptación a novas situacións			B1 B13
Aprendizaxe autónoma	A14 A18 A19	B14	
Expresarse correctamente, tanto de forma oral como escrita, nas linguas oficiais do estado			C1
Utilizar as ferramentas básicas das tecnoloxías da información e as comunicacións (TIC) necesarias para o exercicio da súa profesión e para a aprendizaxe ao longo da súa vida			C3 C6

Contidos	
Temas	Subtemas
PRIMEIRA PARTE	FUNDAMENTOS BÁSICOS DA CONTABILIDADE
Tema 1: Actividade económica e necesidade de información	1.1. Información financeira e non financeira 1.2. Usos e usuarios da información financeira 1.3. Normativa para a elaboración da información financeira
Tema 2: O balance de situación	2.1. Propósito do balance de situación 2.2. Componentes do balance de situación 2.3. Transaccións e balance de situación
Tema 3: A conta de resultados e o estado de fluxos de efectivo	3.1. Propósito da conta de resultados 3.2. Componentes da conta de resultados 3.3. Transaccións, conta de resultado e balance de situación 3.4. Fluxos de efectivo: cobros e pagos
Tema 4: Rexistros contables	4.1. Análise das transaccións. Príncípio de dualidade 4.2. O esquema de cargos e abonos 4.3. Do libro diario ao libro maior 4.4. Balance de comprobación e estados financeiros
Tema 5: O ciclo contable	5.1. O ejercicio contable 5.2. Registro de transaccións 5.3. Axustes previos ao peche de ejercicio 5.4. Preparación de estados financeiros 5.5. Peche de contas temporais
Tema 6: Operacións de explotación	6.1. Compras de existencias 6.2. Vendas de existencias 6.3. Custo de produtos vendidos e existencias finais 6.4. Outros ingresos e gastos de explotación
Tema 7: Operacións de investimento e financiamento	7.1. Compras de inmobilizado 7.2. Vendas de inmobilizado 7.3. Achetas dos accionistas 7.4. Préstamos e outras débedas
SEGUNDA PARTE	ANÁLISE E INTERPRETACIÓN DE ESTADOS FINANCIEROS
Tema 8: O contido dos estados financeiros	8.1. Contido e limitacións dos estados financeiros 8.2. Análise da estrutura: porcentaxes verticais 8.3. Análise da evolución temporal 8.4. Comparación inter e intraempresa



Tema 9: Análise da rendibilidade	9.1. Rendibilidade económica 9.2. Rendibilidade financeira
Tema 10: Análise da situación financeira	10.1. A situación financeira a curto prazo estática e dinámica 10.2. A situación financeira a longo prazo e a capacidade de xerar fluxos de efectivo

Planificación

Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Sesión maxistral	A10	8	12	20
Discusión dirixida	A13 A18 A31 A34 B2 B3 B4 B5 B8	7	12	19
Obradoiro	A6 A10 A13 A14 A19 A25 A35 B1 B6 B9 B12 B13 B14 C1 C3 C4 C6 C7	12	24	36
Prácticas a través de TIC	A31 A19 B1 B4 B9 C3	11	22	33
Presentación oral	A13 B2 B8 B9 C1	3	12	15
Foro virtual	A13 B1 B2 B8 C3	0	2	2
Proba de resposta múltiple	A13 A18 B1	1	4	5
Proba práctica	A31 B1 B4 B8 C3	4	12	16
Atención personalizada		4	0	4

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías

Metodoloxías	Descripción
Sesión maxistral	Exposición, feita polo docente, dos conceptos básicos necesarios para que o alumnado poida buscar solución aos problemas contables tratados no programa.
Discusión dirixida	Preparación dos temas formulados polo docente e participación na discusión dos mesmos.
Obradoiro	Traballo individual e en grupo, guiado polo docente, para a resolución, presentación e discusión de exercicios e casos prácticos.
Prácticas a través de TIC	Utilización de software de contabilidade para a teneduría de libros e a preparación de estados financeiros, uso da folla de cálculo para o rexistro de transacción e a análise de estados financeiros e emprego de ferramentas de presentación para a defensa do traballo.
Presentación oral	Presentación dun traballo realizado en equipo e seguindo as orientación do docente da materia.
Foro virtual	Utilización do foro de Moodle para propor dúbihadas e/ou responder ás preguntas dos compañeiros sobre calquera aspecto relacionado coa materia, fundamentalmente, para a resolución dos casos prácticos.
Proba de resposta múltiple	Durante o curso realizaranse dúas probas tipo test sen previo aviso.
Proba práctica	Probas asociadas ao obradoiro e ás prácticas a través de TIC e deseñadas para avaliar o traballo do alumnado previo ás sesións e a comprensión dos problemas contables abordados durante as sesións.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descripción
--------------	-------------



Discusión dirixida	A atención personalizada (tutorías individuais e grupais) desenvolverase ben presencialmente ben mediante videoconferencias en Teams. Estudantes que se atopen en condicións de solicitar o réxime de estudos a tempo parcial. Acordarase ao inicio do curso un calendario específico de tutorías compatible coa súa dedicación, motivo polo cal dito alumnado deberá pórse en contacto co docente da materia antes do 30 de setembro.
--------------------	---

Avaliación			
Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descripción	Cualificación
Proba práctica	A31 B1 B4 B8 C3	Durante as sesións destinadas a discutir exercicios e casos prácticos, o docente presentará ao alumnado un pequeno ejercicio ou pregunta, baseado nas tarefas propostas para realizar fora da aula ou nas discusións mantidas durante a sesión, que deberá ser resolto de xeito individual no tempo marcado polo docente. Ao remate do curso, seleccionaranse aleatoriamente seis desas probas para seren avaliadas.	60
Presentación oral	A13 B2 B8 B9 C1	Pedirase aos estudantes que presenten un caso práctico que deberán resolver previamente e traballando en grupo. Na valoración deste caso práctico terase en conta a presentación oral e a resposta ás preguntas formuladas.	20
Proba de resposta múltiple	A13 A18 B1	Durante o curso realizaranse dúas probas tipo test sen previo aviso.	20

Observacións avaliación



A metodoloxía proposta persigue dous obxectivos básicos: i) incentivar ao alumnado para que traballe de xeito continuado ao longo do curso e ii) fomentar a autonomía do estudiante no proceso de aprendizaxe. Con este fin, ao estudiante pídeselle que:

- a) Semanalmente realice os exercicios e casos prácticos propostos polo docente. Recoméndase o traballo en equipo para discutir as posibles solucións.
- b) Prepare, en grupo e seguindo as indicacións do docente da materia, un caso práctico de análise de estados financeiros para ser presentado na data marcada polo docente da materia.
- c) Participe activamente nas discusións promovidas nas sesións e no foro virtual. Valorarase, tanto o rigor nos argumentos utilizados, consecuencia da súa preparación previa, como a habilidade para presentar e defender o seu punto de vista fronte ao dos seus compañeiros. Por esta vía (participación activa na aula/foro) o estudiante pode compensar con ata 1 punto a cualificación total obtida nas probas escritas realizadas durante o curso, sen superar o máximo que corresponde a esta avaliación (8 puntos). Deste xeito, o estudiante que, por calquera razón, non realice algúna das probas escritas de avaliación continua (probas de resposta múltiple ou probas prácticas) será cualificado cun cero nesa proba, pero esa cualificación poderá ser substituída pola nota obtida coa súa participación na clase. Isto é, dos nove elementos a ter en conta (dúas probas de respuesta múltiple, seis probas prácticas e participación) elixiranse os oito que presenten as maiores cualificacións.

Alumnos que se atopen en condicións de solicitar o réxime de estudos a tempo parcial.

Segundo as indicacións normativas, dito alumnado deberá comunicar a súa situación ao docente antes do 30 de setembro. Seguirá o mesmo sistema de avaliación coas seguintes particularidades:

Probas escritas de avaliación continua (80% da cualificación final: probas de respuesta múltiple e probas prácticas). Agréganse nunha única proba, que deberá ser defendida oralmente. A proba e a súa defensa oral valorará aspectos teóricos e prácticos (incluído o manexo de ferramentas TIC) de todos os temas da materia. O estudiante deberá ser capaz de explicar e demostrar razoadamente todas as súas respuestas. Caso práctico de análise de estados financeiros (20% da cualificación final). O seu desenvolvemento será individual. A proba e a súa defensa oral, así como a presentación do caso práctico de análise de estados financeiros terá lugar na data aprobada en Xunta de Facultade para a realización da avaliación da primeira oportunidade. Cualificación de non presentado.

Aplicará cando o alumnado só participe de actividades de avaliación que teñan unha ponderación inferior ao 20% sobre a cualificación final, con independencia da nota acadada.

Avaliación da segunda oportunidade.

Seguirá o mesmo sistema de avaliación que a primeira oportunidade coas seguintes particularidades:

Probas escritas de avaliación continua (80% da cualificación final: probas de respuesta múltiple e probas prácticas). Agréganse nunha única proba, que deberá ser defendida oralmente. A proba e a súa defensa oral valorará aspectos teóricos e prácticos (incluído o manexo de ferramentas TIC) de todos os temas da materia. O estudiante deberá ser capaz de explicar e demostrar razoadamente todas as súas respuestas. Caso práctico de análise de estados financeiros (20% da cualificación final). O seu desenvolvemento será individual. A proba e a súa defensa oral, así como a presentación do caso práctico de análise de estados financeiros terá lugar na data aprobada en Xunta de Facultade para a realización da avaliación da segunda oportunidade. O alumnado que desexe concorrer á segunda oportunidade, deberá contactar co docente antes do inicio do período de exames da segunda oportunidade, para que se lle asigne as empresas para resolver o caso práctico de análise de estados financeiros.

Adianto de oportunidade de avaliación ("avaliación adiantada")

As condicións de avaliación da oportunidade adiantada serán as establecidas para a avaliación da segunda oportunidade, coas seguintes adaptacións:

A proba e a súa defensa oral, así como a presentación do caso práctico de análise de estados financeiros terá lugar na data aprobada polo centro para a realización da oportunidade de

avaliación adiantada. Condicións de realización dos exames

Está prohibido acceder á aula de exame con calquera dispositivo que permita a comunicación co exterior e/ou o almacenamento de información, non autorizado previamente polo docente.

Quebra dos principios de decoro, legalidade ou mérito individual

O docente pode requerir a posterior defensa oral, parcial ou total, das actividades entregadas e avaliadas.

A realización fraudulenta das probas ou actividades de avaliación implicará directamente a cualificación de ?suspenso? (nota numérica 0) na convocatoria correspondente do curso académico, tanto se a comisión da falta se produce na primeira oportunidade como na segunda (procederese a modificar a súa cualificación na acta de primeira oportunidade, se fose necesario).



Bibliografía básica	<ul style="list-style-type: none">- Arquero Montaño, J. L., Jiménez Cardoso, S.M. y Ruiz Albert, I. (2015). Introducción a la Contabilidad Financiera. Pirámide- Corona Romero, E., Bejarano Vázquez, V. y González García, J. R. (2014). Análisis de Estados Financieros Individuales y Consolidados. UNED- Muñoz Merchant, A. (2014). Introducción a la Contabilidad Financiera. Ediciones Académicas- Larrán Jorge, M. (Coord.) (2009). Fundamentos de Contabilidad Financiera. Pirámide- Bonsón, E., Cortijo, V. y Flores, F. (2009). Análisis de Estados Financieros: Fundamentos Teóricos y Prácticos. Pearson Education
Bibliografía complementaria	<ul style="list-style-type: none">- Solà Tey, M. y Vilardell Riera, I. (2009). Introducción a la Contabilidad General. McGraw Hill- Omeñaca García, J. (2009). Plan general de Contabilidad y PGC de PYMES comentados. Deusto- Muñoz Jiménez, J. (2008). Contabilidad financiera. Pearson Prentice Hall

Recomendacións

Materias que se recomienda ter cursado previamente

Materias que se recomienda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario

Observacións

Nesta materia, a entrega do traballo (caso práctico de análise de estados financeiros) realizarase a través de Moodle, en formato dixital sen necesidade de imprimilo.

(*)A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías